

Tirado de <http://www.conceptoradio.net/2013/12/30/wicker-man-40-anos-de-culto/>

Transcripción da presentación de *The Wicker Man* por Javier Calvo en Cine Club Fum (19/9/13)

Pódese dicir que, aínda que a película se estreou en 1973, *O home do vime* ata os 90 non existía. Coñecía basicamente *frikis* do cine de terror psicotrónico e xente desa caste. A partir desa década, a película empezou a gañar máis adeptos, seguindo unha dinámica moi diferente á que adoitan seguir as películas de terror británicas dos 70, xa que, normalmente, unha película destas características pode ter unha certa repercusión inicial con Christopher Lee como protagonista, pero o normal é que se vaia apagando co tempo ata quedar soterrada nos arquivos da cinemateca de xénero de rigor. En cambio, a esta fita pasoulle todo o contrario, con cada década que pasaba ía medrando a súa audiencia. O que provocou que esta película fose de culto e unha película máis popular foi precisamente a súa música. Non foi un filme que se recuperase por si propio, senón que o interese se centrou en reivindicar a súa banda sonora. A banda sonora d'*O home do vime* era máis famosa que *O home do vime*. Foi o circuíto underground o que recuperou o filme, refírome a músicos underground que nun certo momento atoparon unha fonte de inspiración nesta mestura de folk, paganismo e toda unha serie de ingredientes que ten a banda sonora e que a fan tan especial. De modo que hoxe en día hai unha chea de bandas británicas máis comerciais como *Pulp* que teñen feito versións de temas como *Willow's song*, que é á súa vez o tema máis famoso da banda sonora.

Por que se pegou a gran hostia de inicio este filme? A resposta é obvia para calquera que a vise. Para comezar, é un filme que non entra nos estándares do cinema comercial, nin tampouco é cinema de arte e ensaio. É unha mestura completamente *frankensteiniána*. Orixinalmente era un proxecto que tiñan Christopher Lee e un guionista chamado Anthony Shaffer, especializado en *thrillers* británicos, de feito un dos máis importantes dos setenta, con títulos como *O sabuxo* [*Sleuth*] con Michael Caine e Lawrence Olivier, aínda que tamén traballou no guión de *Frenesí* de Alfred Hitchcock, ou sexa que era un guionista de *thriller* basicamente. Deste xeito, as tres persoas que están detrás da fita son Christopher Lee, Anthony Shaffer e o director da película que é Robin Hardy, un cineasta moi estraño cuxa fama vén unicamente por esta película. Sería algo así como un escritor de novelas ocultistas, acontecementos paranormais e demais. Un personaxe psicotrónico que ten na súa traxectoria algunhas novelas como *Os Cowboys de Cristo*, que vai duns evanxelistas americanos que van a Inglaterra e son secuestrados e torturados por uns pagáns,

novela que ten unha certa relación coa trama da película que nos ocupa. Estes tres tipos empezaron a planear esta película a partires do pulo de Christopher Lee, que estaba bastante paranoico porque todo o mundo o vía como o conde Drácula. Naquela época, o cine de terror británico estaba moi asociado coa Hammer Films que como sabedes era unha produtora de baixo presuposto pero que gañaba moito diñeiro con adaptacións de clásicos do cinema de terror. A idea de Christopher Lee, que obviamente era moi famoso a principios dos setenta, era principalmente a de encarnar personaxes cunha certa entidade. Quería un personaxe que o obrigase a unha interpretación máis profunda. O típico que lle acaba acontecendo a calquera actor de xénero. Daquela, este trío ao que me referín antes decidiu facer unha película de horror tipo Hammer pero máis intelectual. De aí vén que o resultado final sexa un híbrido entre filme de terror e filme de arte e ensaio que non é tal. En realidade, non funciona nin como unha cousa nin como a outra. Como fita de arte e ensaio, especialmente porque a súa sutileza é como a que resultaría de darche unha martelada na cabeza. Decidiron facer unha película sobre a relixión pagá e o seu conflito co cristianismo e o resultado deita a película menos sutil da historia. É explícita en todo o que se vos ocorra. Pero como película comercial tampouco funciona porque é rara. É un filme de baixo presuposto pero que contén varias ambigüidades polo que resulta unha película bastante grandilocuente e ambiciosa. Para escribir o guión, tanto Hardy coma Shaffer estiveron a asistir a festivais pagáns da colleita. Dician por exemplo que escribiran o guión a partires dun libro que se titula *A póla dourada* de James George Frazer, que é un antropólogo que estudou sobre os mitos e tal. Nese sentido é increíblemente presuntuosa.

Despois hai outro tema e é que é un filme de terror que, non se sabe como, acabou resultando tamén un musical. De feito, eu atreveríame a clasificala como película de terror musical, que é un xénero imposible. A medida que estaban a preparar a banda sonora o director cambiou de idea e decidiu que se convertese nun musical cando o proxecto xa estaba avanzado. E realmente é tal, no sentido de que todas as cancións que aparecen na película teñen unha función claramente narrativa. Escoitas a letra e estante a contar por onde vai o argumento. Co cal tampouco podes desconectar da música porque é moi importante no percorrido do filme. Outro elemento que causa perplexidade é o final. Unha película como esta, que formula un conflito entre o cristianismo do personaxe que encarna o policía que vai buscar a nena á illa que choca contra unha poboación pagá, e que remate como remata, que é cunha apoloxía do paganismo a partir dun sacrificio humano, faite cuestionarte: Cal era o público obxectivo pensado para este filme? A única explicación que teño é que, sen querelo, o público desta película eran os hippys daquela época, os músicos, a xente que empezaba a experimentar coa ouija... Digamos que, por dicilo cun termo contemporáneo, a película foi moi *hipster* para a época e por iso creo que foi un desastre absoluto. De feito, a película foi mutilada obscenamente cando se estreou. Hai unha anécdota marabillosa que di que cando os produtores viron o final co home do vime ardendo, cumprindo co sacrificio humano, ficaron espantados e propuxeron para poder vendela mellor que ao final do filme rompese a chover para que se apagase o lume e deste xeito se evitase

THE WICKER MAN: 40 ANOS DE CULTO

DAVID PUENTE / JAVIER CALVO

o sacrificio. Porque claro, como se podía rematar unha película cun sacrificio humano? O equipo opúxose porque non tiña ningún sentido que o lume se apagase. Co cal a película quedou como o que é, unha apoloxía ao paganismo celta ou directamente unha apoloxía ao sacrificio humano. Cando os tres responsables da película andaron a percorrer encontros destas características, precristiáns e cargados de vestixios pagáns, viron algún baile e demais. Pero eles decidiron levalo ao extremo con ese xa citado final. Ensínase unha illa onde matan xente. Todos estes ingredientes axudaron a que a película fose un desastre dende a estrea.

O filme non pasou o filtro da produción, nin da distribución, ademais fodérona pero ben coa montaxe cando decidiron quitarlle máis de vinte minutos da montaxe orixinal do director. Reorganizaron todo o material filmado. De feito, Christopher Lee chegou a dicir que a película que se estreara era unha sombra d'*O home de vime*. Non era *O home de vime*, era unha sombra. (...) Non é certo que esta montaxe non se vexa como a película orixinal, pero si que é verdade que a montaxe mutilada perde bastante con respecto á montaxe pensada inicialmente. Curiosamente, unha das persoas ás que se lle atribúe a culpa de ter mutilado a película é Roger Corman, que tiña un xeito de ver o cine moi diferente ao dos tres responsables, un xeito de traballar no que sempre se montaba moi ás présas. Desta maneira, convertérona nunha película de serie B cando era un filme moito máis ambicioso. (...) Cales son as principais diferenzas entre a montaxe orixinal e a do director? Pois a verdade é que entre unha e outra pérdense cousas. Hai dúas cousas importantes que destacar. Unha é o principio do filme. A versión curta comeza co sarxento Howie, cristián, virxe, moi puritano, contrapunto radical dos habitantes da illa á que se lle ve chegar en avioneta. Na montaxe final do 2001 hai unha parte que ten lugar fóra da illa. Iso é bastante importante porque nestas primeiras escenas se pode comprobar como é o personaxe principal no seu hábitat e como vai a misa. Vémolo xa de boas a primeiras como un bo cristián. A chegada á illa é moi espectacular porque a rodaron na illa de Skye dende un hidroavión. A outra gran diferenza, que isto si que é unha putada con respecto á versión que imos ver agora, é que lle falta a primeira noite que pasa o sarxento Howie na illa na que chega á pousada e atópase cunha especie de ritual. Co que botaremos de menos tamén unha das cancións máis importantes da banda sonora, que é *Gently Johnny*. Unha balada nupcial preciosa que, desgraciadamente, non aparece nesta montaxe. E é o momento no que lle ofrecen á filla do dono da posada para que teña sexo con ela. É un momento moi importante na progresión do sarxento Howie na illa. Outro problema que temos é que o baile da filla do taberneiro, que é un momento fundamental no devir da película coa canción de Willow, movérono ao principio. O baile e a canción de Willow terían que ir ao final xa que en realidade suceden a última noite que pasaba na illa. É como a gran proba que lle poñen ao sarxento para probar a súa fe cristiá. Iso ten sentido ao final da película, non

tanto ao principio coma na montaxe que imos ver. Distorsiona a idea do filme.

O tema da música, que é o tema polo que *O home de vime* saíu do anonimato e se converteu nun clásico do cinema. Encargáronlla a un tipo que tampouco era demasiado coñecido por entón, un músico folk que estudou sobre o tema chamado Paul Giovanni, o cal compuxo unha banda sonora de falsas cancións pagás. É dicir, falsas baladas folks que se corresponden con cada un dos ritos que teñen lugar na illa. Moitas delas están inspiradas en baladas folks, na senda de Robert Burns, poeta escocés que aparece en toda a película, na que se ven varios cadros del. A película está chea de referencias pagás. Non hai plano no que non aparezan polo menos trinta. Neste, como noutros tantos casos, foron moi pouco sutís. Hai un par de poemas de Robert Burns adaptados no filme. A canción que canta a comunidade cando arde o home de vime é unha balada medieval inglesa que se chama *Sumer is a-cumen*, da que tamén hai unha chea de versións. O resto de cancións están especialmente creadas para o filme, partindo dunha investigación sobre folk medieval, folk precristián e balada ancestral inglesa, que supostamente acompañaban a eses ritos que aparecen na pantalla. *Willow's song* foi a canción máis famosa de toda a banda sonora, que é a canción que canta mentres baila a actriz sueca Britt Ekland. Moitos dos actores que aparecen no filme eran moi famosos na época. Como o sarxento encarnado por Edward Woodward, moi popular por entón na televisión inglesa. Aparece o xa mencionado Christopher Lee e Ingrid Pitt, que é a bibliotecaria, ambos os dous eran clásicos da Hammer, os dous interpretaran miles de vampiros e vampiresas. E logo temos a Britt Ekland, que era unha rapaza sueca que fixo toda a súa carreira en Inglaterra e que daquela estaba no apoxeo da súa carreira. (...) Na famosa escena na que ela aparece batendo nas paredes para que o policía lle faga caso canta esta canción que é moi especial. Se cadra non ten moito que ver co resto da banda sonora, entre outras cousas porque parece unha canción de vinte anos máis tarde. É unha canción hipnótica, moi estraña, moi delicada... A canción en si é como unha especie de versión en miniatura d'*O home de vime*. Willow representa o rito pagán tentando seducir ao policía cristián, de xeito que a canción funciona como micro-cosmos de toda a película. (...) A música esta completamente en primeiro plano todo o tempo, dende cancións de taberna, baladas, cancións da colleita... E pouco máis que engadir, só que é un filme que xa veredes que non ten nada que ver con nada que teñades visto. É un filme no que ris, esa é a verdade, porque custa moito manter a seriedade en certos momentos, xa que é moi esaxerado, pero ao mesmo tempo é un documento espectacular cunha apoloxía da ética pagá e da realidade pagá que non se entende fóra dos setenta. Xa pasaran todo o son de Canterbury e o movemento hippy... E aí están, a dalo todo.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAI
2015

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na
 Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
 Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

6 DE MAIO

A historia de Phenix City
 (The Phenix City Story, Phil Karlson,
 EUA, 1955, 100', VOSG)

20 DE MAIO

O tiroteo
 (The Shooting, Monte Hellman,
 EUA, 1966, 82', VOSG)

13 DE MAIO

Goliath
 (Goliath, David Zellner,
 EUA, 2008, 80', VOSG)

27 DE MAIO

To face 13' Galiza 2011, VO
Parque Europa 5' Galiza 2008
Os Dioses 24' Galiza 2014
 (Proxeccións de vídeo de
 Virxinia Polke/Claudio Pato)
Coa presenza de Claudio Pato